

b) Pola substitución do vehículo afecto a unha licenzia, o titular da mesma.

Artigo 52.-Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os Administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebradas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 60.-Base imponible .

A base imponible está constituída pola natureza do servizo ou actividade.

Artigo 72.- Cota tributaria.

A cota tributaria determinarase por aplicación da seguinte:

TARIFA

CONCEPTO

Pesetas

A) Concesión, expedición e rexistro de licenzias:

Por cada licenzia:

1. Da clase A "Autotaxis"	8.000
2. Da clase B "Autoturismos"	8.000
3. Da clase C "Especiais ou de abono"	8.000

B) Uso e explotación de licenzias.

Por cada licenzia ó ano:

1. Da clase A "Autotaxis"	1.000
2. Da clase B "Autoturismos"	1.000
3. Da clase C "Especiais ou de abono"	1.000

C) Substitución de vehículos:

Por cada licenzia:

1. Da clase A "Autotaxis"	8.000
2. Da clase B "Autoturismos"	8.000
3. Da clase C "Especiais ou de abono"	8.000

D) Transmisión de licenzias.

1.a) Da clase A "Autotaxis" "inter vivos"	8.000
1.b) Da clase B "Autotaxis" "mortis causa"	8.000
2.a) Da clase B "Autoturismos" "inter vivos"	8.000
2.b) Da clase B "Autoturismos" "mortis causa"	8.000
3.a) Da clase C "Especiais ou de abono" "inter vivos"	8.000
3.b) Da clase C "Especiais ou de abono" "mortis causa"	8.000

Artigo 82.-Exencións ou bonificacións.

Non se concederá exención ou bonificación ningunha.

Artigo 92.- Normas de xestión.

A autorización outorgarase a instancia de parte, unha vez concedida, entenderase tácita e anualmente prorrogada en tanto o seu titular non renuncie expresamente a aquela.

O pagamento da cota efectuarase previa liquidación para ingreso directo, unha vez concedidas as licenzias ou autorizacións de que se trate e realizados os servizos solicitados.

As liquidacións da taxa notificaranse ós suxeitos pasivos con expresión dos requisitos previstos no artigo 124 da Lei Xeral Tributaria, que a continuación se indica:

a) Dos elementos esenciais da liquidación.

b) Dos medios de impugnación que poidan ser exercidos, con indicación de prazos e organismos nos que terán de ser interpostos. e

c) Do lugar, prazo e forma na que será satisfeita a débeda tributaria.

As cotas líquidas e non satisfeitas dentro do período voluntario faranse efectivas pola vía de constrinximento, con arranxo ás normas do Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 102.-Infraccións e sancións tributarias.

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións a que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria, conforme se ordena no artigo 11 da Lei 39/1988, do 28 de decembro Reguladora das Facendas Locais.

Artigo 110.-Partidas fallidas.

Consideraranse partidas fallidas os créditos incobrables, aquelas cotas que non poidan facerse efectivas pola vía de constrinximento, para cuxa declaración se formalizará o oportuno expediente de acordo co previsto no vixente Regulamento Xeral de Recadación.

Disposición final.

A presente Ordenanza, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 11 de novembro de 1998, entrará en vigor o día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 1999, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZIA DE PRIMEIRA OCUPACION

Artigo 19.-Fundamento e Réxime.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ó 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por expedición de licenzia de primeira ocupación que se rexerá pola presente Ordenanza, cuxas normas atenden ó previsto no artigo 58 en relación co artigo 20.4.h), ambos da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, de acordo coa modificación establecida na Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do Réxime Legal das Taxas Estatais e Locais e de Reordenación das Prestacións Patrimoniais e de Carácter Público.

Artigo 22.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da Taxa, a actividade administrativa desenvolta polo feito da tramitación do expediente para a concesión da Licenzia de Primeira Ocupación de unidades residenciais e locais.

Artigo 32.- Devengo.

Devéngase a taxa e nace a súa obrigación de contribuir cando comece a actividade municipal que constitúe o feito imponible.

Para estes efectos entenderase iniciada dita actividade na data da presentación da oportuna solicitude de licenzia de primeira ocupación, se o suxeito pasivo formulase expresamente esta, ou en todo caso cando os servizos técnicos do Concello constaten a existencia do feito imponible.

A obriga de contribuir, unha vez nacida, non se verá afectada por feito ningún, pola denegación da licenzia solicitada ou pola concesión desta, condicionada a modificacións, nin pola renuncia ou desestímulo do solicitante, unha vez concedida a licenzia.

Artigo 42.- Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos contribuintes, as persoas físicas ou xurídicas, e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que soliciten, provoquen ou teñan intereses na tramitación do expediente de referencia.

Artigo 52.- Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas á que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das Sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que se sinala no artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 6º. Base imponible.

Constitúe a base imponible da Taxa, o total de metros cadrados de superficie do local ou unidade de vivenda.

Artigo 7º.- Cota Tributaria.

1.- A cota tributaria determinarase en función da superficie do inmovible de acordo coa tarifa expresada no artigo seguinte.

2.-A cota de tarifa corresponde á tramitación completa en cada instancia do expediente, dende a súa iniciación ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ó interesado.

Artigo 8º.-Tarifas.

A tarifa a que se refire o artigo anterior establécese con efectos de 1 de xaneiro de 1999 en 100 pesetas n.º2 de local ou unidade de vivenda.

Artigo 9º.- Bonificacións e Exencións.

Non se contemplan.

Artigo 10º.- Normas de xestión.

O solicitante presentará instancia no Rexistro Xeral de Documentos do Concello, acompañada da certificación do técnico competente comprensiva das condicións mínimas de habitabilidade, que deberán reuni-las vivendas de acordo co anexo ó Decreto da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas número 311/1992, do 12 de novembro, publicado no DOG número 227, do 20-11-1992.

En tódolos supostos realizarase unha única liquidación na concesión da licenza.

Artigo 11º.-Infraccións e sancións tributarias.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Disposición última.

A presente Ordenanza Fiscal, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 11 de novembro de 1998, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 1999, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

De conformidade co establecido no artigo 19 da Lei 39/88, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, contra estas Ordenanzas Fiscais poderá interpoñerse a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, recurso contencioso-administrativo na forma prazo que establecen as Normas Reguladoras de dita Xurisdición.

Meira, 28 de decembro de 1998.- O Alcalde, Rosendo Folgueira Valle.

R. 38274000007329

OUTEIRO DE REI

De acordo con lo dispuesto en el Artículo 48 de la Ley 1/1997, de 24 de marzo, del Suelo de Galicia, Artículo 70.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, de Bases del Régimen Local y demás Disposiciones de aplicación, se hace público que el Pleno de este Ayuntamiento, recibido el informe previo y vinculante favorable de la Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, en sesión extraordinaria de 11 de

diciembre de 1998, prestó aprobación definitiva a la modificación puntual en las Normas Subsidiarias de Planeamiento Urbanístico de este Municipio en Alargos-Guillar.

El contenido de tal modificación es como sigue:

1.- La zona de Ramil consta de un espacio clasificado como urbano y apoyado sobre la carretera N-VI y otro, de suelo urbanizable, situado al norte y oeste, designados SUB-RA1, SUB-RA2 y SUB-RA3.

De ellos el SUB-RA3 (p/l) tiene prescripción industrial (P/I) y se extiende sobre varias vías carreteras rurales pavimentadas tipo DTS, contenedores de conductos de agua de la red municipal y dotadas de suministro aéreo de energía eléctrica.

Ello ha determinado un abundante asentamiento de vivienda unifamiliar, con carácter de 1.ª ó 2.ª residencia, vinculada, sin duda, a la ciudad de Lugo, de la que dista unos 5 kms.

La red viaria pavimentada coincide con la red de caminos rurales iniciales, a la que se han añadido algunos subtramos transversales de equilibrado y mejora de la accesibilidad.

La dotación de los servicios de agua municipal y de energía eléctrica se ha efectuado siguiendo dicha red y en consonancia con las edificaciones unifamiliares que se iban suscitando.

Todo ello ha conformado un espacio ocupado por vivienda unifamiliar en gran número, determinante de la presente modificación.

El espacio de asiento residencial unifamiliar ocupa parte del suelo urbanizable SUB-RA3 (p/l) y se extiende por el suelo no urbanizable internuclear, SNU/I, inmediato.

Así pues, es objeto de modificación la variación parcial de la prescripción del SUB-RA3, desde el uso global industrial (p/l) al uso residencial en la modalidad de vivienda unifamiliar (p/VU A).

También incluye la variación de suelo no urbanizable, SNU/I, hacia el suelo urbanizable con prescripción de vivienda unifamiliar aislada, SUB (p/VUA).

2.- El suelo SUB-RA3 de Ramil, desprescrito como Industrial y prescrito Residencial, vivienda unifamiliar, así como el clasificado como urbanizable de prescripción residencial unifamiliar, desde su condición original de suelo no urbanizable, se regularán por las determinaciones propias del suelo urbanizable de prescripción residencial.

Es decir, le será de aplicación la ordenanza correspondiente del suelo no urbanizable.

No obstante, como suelo urbanizable contiene las siguientes características:

- Intensidad asignada, igual a la señalada en NSP, es decir, altura de 2 plantas, ocupación parcelaria del 60% y edificabilidad de 0,66 m.²/m.², todo ello a nivel de parcela, con un tope máximo de 0,33 m.²/m.², a nivel de polígono o sector.